

formigas nos pantalóns





Samuel L. París / Estíbaliz Espinosa
formigas nos pantalóns
<http://pararaparis.wordpress.com>

formigas nos pantalóns

[::]

É tan recente o mundo, di a linguaxe. Así nos di
e tal se escribe así a si mesma.
E nolo dicimos, nolo dicimos coa boca en órbita.
Que o mundo é recente
que haberá outros
que tanto ten.

Sobre a herba, que é tan nova. Sobre a herba cae: leite dun cosmos recén muxido que
non se sabe se ha ser novo ou vello [algo sucede no que non sucede] [algo sucede na
astroparéntese anterior. Radiación radiante. Marusía gamma. No que non se ve tamén
sucede: nasas do fondo traducen crustáceo solar ou existe unha función de xe con tanta
teima en ser nosoutros] [/algo sucede mesmo no que non sucede]

Sobre a herba:: leite e meteoro.

Ábrese paso o pensamento
co seu chocallo de especie invasora
[gong]
en vías de eclosión [gong] en perigo de sorte.
O leite ferve coma neve
que se baila sen zapatos.
O leite nos ollos das vacas.
Xugulares. Xugulares.

[Este texto viña escrito
.....
debuxado xa na louza
.....
da cunca pra o leite
da túa avó e voa avó]

Chóvenos. Que chova.
É tan recente o mundo.
As vacas a orbitarnos.
Sobre a herba toda, Orión.

O aire a iluminarse se é que o pensas.

O leite vive en CRENZAS ARRELIXIOSAS...
O leite vive en MATEMÁTICAS CIRCENSES...

Cursos para programar a espontaneidade.
Os crustáceos e o mundo aos seus pés.

O mundo foi recente. O amor era [durativo] recente.

Os crustáceos descomputabilízanse as patas a favor dunha máis sinxela chegada do amor. O amor era un resultado equitativo. O amor e a vida [tomámolas en graxas que non son alleas, bebe] móvensenos demasiado sinusoidais. A fin. A rutina. A folla dos xuros [desta vai]. A folla da despedida [desta bye-bye]. Esta era [foi] a fin.

A nosa amiga a formiga ten seis patas
e, por cada pata,
desexaría ter un corazón e non mirarte xamais á cara.

Almorzando ergolina á grella. A plusvalía inorgánica.
Triptamineando na noite eterna do tarefa eterna.

—Has invertido muy bien.

Paraíso.

[:: kykeon::]

Como lle metemos o dente ao paraíso.
[unha vez tivemos un cravo cravado no cerebro
na ardora da área de Broca, cravo fondo, unha vez e outra]
Centos de formigas nas mans que mallan os centeos intravenosos de Eleusis

Formigas nos pantalóns cando avanzamos nús baixo dous metros de neve que cae a
modo que cae a esgalla
que cae a modo
que cae a esgalla
na flora intestinal de Eleusis.

Hai que roelo, codelo dun pan circo da idade do teu iris. O aire ilumínase na aira e
morde a enfermidade dos vellos quince anos, hai que abrazar a doenza, doenza *al dente*,
ergot/ cornizó/ fogo de San Marçal/ peregrina de Eleusis a Compostela a favor dunha
máis sinxela
mordida
do amor.

Formigas de Laza nas formas de soñar espertos
Meterlle o dente ás voces que nos dan
coa palabra [coa ubre] na cabeza
até que nace unha herba nova coma as febres dos tres anos
[unha vez tivemos un cravo cravado de cerebro a cerebro
na ardora da área de Broca, cravo fondo, unha vez e outra]
[clon] [e clon]
Acido fórmico encol do ácido láctico
da cunca da túa avoa e voa avó
vaca vianesa, que te me extingues, que te me extingues
E dálle crustáceostracismo, aeroxeradores no abdome
e dálle avanzar cara atrás a seis patas
[unha vez un cangrexo cun cravo... boh, a quen lle importa xa]
Pero é tan recente o mundo que avanzamos atrás cara á Eleusis

O paraíso, humano: hai que roelo.
O paraíso, humano, sintetiza o ácido
de non te mirar xamais á cara.

Formigas paseando pola praia cun cigarro. Eurovergas.
Formigas desertizando Guantánamo. Bingo! Bingo!
Nicolás caeu de maduro. O que pasa en Laza, queda en Laza.

A desesperación non era tal.
A esperanza non era tal.
O ácido fórmico... por todos mis compañeros!
20.000 formigas camiñando [declararse á vida en comic sans] sen formación.

20.000 formigas aprendendo a entender que só son 20.000 formigas.

O encerro soaba en exclusiva na cabeza de 20.000 formigas. Van queimar a noite. Non saques a tarxeta do DIA e amoles a festa. O encerro espallábase [desde 1988 todo se espalla]. O ceo non podía agardar [agarda, civil]. 20.000 formigas esquecendo todo o que aprenderan en COU.

A desesperación paseando pola praia cun cigarro na orella
e un bañador cun debuxo do boi que matou a Manolete.
A desesperación submarina paseando submarina cun cigarro subterráneo
e un deserto nos riles.

Cada vez que nace unha nova herba morta baixo o aparcadoiro do Decathlon,
20.000 formigas aprenden ao tempo que só son 20.000 formigas.

[:: adetomyrma venatrix::]

...e saen fóra do poema un intre. Botan por fóra. Mexan por fóra. 20.000 formigas
levantan a pata e mexan logo de 50 millóns de anos aguantando

E ben, alguén pode dicirme que facemos en Madagascar tras cento setenta días de
silencio absoluto, vivindo en carne propia o estupor da formiga vampiro
lonxe do seu capital relacional
e simbólico?

Traballo de campo, señores,
queer queratina, quero queratina
para o corazón
que é idiota, o corazón, pero idiota idiota

Baixo a cósmica indiferenza, aprendemos a extinguirmos con devoción
agora que o ártico nos dita as súas últimas vontades
saímos por fóra do desxeo da páxina e non nos falamos
pero aquí por escrito todo é distinto
por escrito atámonos un peito á amazona
colgámonos de ganchos de carnicero e é por amor que lle damos unha de patadas ao
postestruturalismo
unha de patadas á psicanálise, á sociofobia até o punto
de que cambiamos de sexo o texto do mundo
e mexamos por el formigas amarelas, un regueiro de ouriños e ouro
que asume a soberanía desta Vía Láctea como propia

Até o punto de buscar como tolas
como doentes fillas e irmás de enfermos
a semente en formación doutra mente siamesa:
ese cravo que atravesa áreas de Broca
e o seu regato de formigas para encadear pensamentos
e enfermamos de linguaxe, tan recente coma o ámbar
como a árbore e o ardor

Coma a árbore
un encéfalo visto de lado tamén é un estouro a cámara lenta
como a verza gloriosa, igual,
ou o petróglifo arremuiñado sobre unha centola viva
Estoupamos
de tanto non falar
de tanto obedecer ao clasismo
e chamalo «cousas de Bourdieu»
de tanta Europa nin fenicia nin princesa
que fai de nós algo a extinguirse eternamente

[A nós pariunos a Marola que pariu a mar toda.
Fillos do mouro Castromen e a maruxaina Pescanova
e un Zarismo de Decathlon que nos fai chorar coma descosidos.
Estoupamos de tanto chover formigas vampiro contra un fondo de ría
que é un fondo de fiordo, un fondo de cayó Boca Seca
un fondo tsingy na illa de Madagascar.

Que toca xa perder as formas até o fondo]

A linguaxe tennos atados e ben atados
ao planeta este
iluminado por teslas recentes e lovelaces en rede
mais arrastramos con el de todo. De todo.

Por unha revolución de agarrarse a cravos ardendo
ou por un píxel de sílex
dirémosvos o que aformiga o rostro contra a herba
que queda moito por patear por dicir NON e somos moitos
moitos máis ca eles
que se fogan
baixo esta marabunta vampira pantalla arriba cara aos seus pescozos

A linguaxe tennos amarrados ao duro banco
da incandescencia neon. Pasáchesme o Raid.
A linguaxe amárrate ben amarrado e o dubstep
tamén

[FRAGMENTO FÓRMICO]

As formigas enredan nos petos... lembrás?

Coma as esmolos,
un elefante estomballado tamén é un insulto a viva voz
como a esmola gloriosa, idéntica,

[...]

Estalamos

[...]

hai en nós algo que está a se evadir.

Non son as formigas.

Non son as formigas, non.
É o dobre fondo.

Non son as formigas.
Son os petos a ateigarnos.

Non as formigas:
nin os pantalóns.

Non, as formigas non:
será o armario de dobre fondo
do idioma
tanta roupa, tanta
e quédasenos
estreita
raquídea
cefalópoda
vestímonos polos pés

Os pés formiguan como unha cabeza a piques
de estalar no crac dun pensamento.
Cranio estrelado.
Cranio petroleado.

Non son as formigas.
Que van ser!
Saen do armario
en fileira de puntiños
.....
e quedan máis
no dobre fondo.
Sempre máis.
No dobre.
Fondo.

[:: a loita desarmada ::]

O ácido láctico dos antimúsculos [OS RATOS] das formigas
seducindo sombras a base de ácido fórmico [AS FORMIGAS] e iconoclastia.

Escolleríamos os gametos cos paus da comida chinesa
de varios antontes.

Escolleríamos o cromosoma rei peneirando en random.

Escolleríamos as nosas ás,
porque, cando a formiga quere loitar,
escolle as súas propias ás para se perder na loita.

Todas as formigas eran Sun Tzu.

aparece na escena da loita 莊子

//

Sun Tzu
loita con Chuang Tzu
dentro dun ámbar
cuns pauciños chinos

//

:: alí dentro
as formigas e os gametos
as ás e os cromosomas
o leite e o meteoro
o kykeon e a linguaxe
a tarxeta do DIA e o paraíso
o soño de Chuang Tzu convertido en bolboreta
e a bolboreta feita ballesta de Sun Tzu
a ballesta acertando na formiga
o ácido fórmico e o cornizó
o ácido láctico e o amor::

*toda loita baséase no engano
pero dentro do ámbar non*

[dentro do ámbar
hai un gong sideral que reitera vida
dentro do ámbar
somos insectos drogados
de futuro]